



### MANUAL DE USO



A aplicación “**A investigar apréndese investigando**” é unha ferramenta gratuíta deseñada para acompañar ao alumnado de secundaria, sempre baixo a guía do profesor ou profesora, no proceso de realizar unha investigación por primeira vez ou en ocasións sucesivas.

O seu deseño segue o desenvolvemento lóxico dunha investigación. Está estruturada en nove unidades que comezan con aspectos xerais sobre a investigación, para logo avanzar cara ao esencial: redactar un proxecto, desenvolve-lo, comunicalo e avalialo.

A ferramenta está organizada por tarefas e utiliza unha linguaxe clara, aínda que específica do ámbito da investigación, o que facilita avanzar de xeito sinxelo desde a unidade 1 ata a unidade 9, seguindo as indicacións paso a paso.

En calquera caso, se nalgún momento algo resulta máis complexo, como por exemplo ao deseñar o proxecto, non dubidedes en consultar co voso profesor ou profesora.

Resumindo, simplemente comeza entrando na aplicación e iniciando desde o principio.

